



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Ambientación sonora e musical	Código	616G01028	
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Piñeiro Otero, María Teresa	Correo electrónico	teresa.pineiro@udc.es	
Profesorado	Fiaño Salinas, Carlota	Correo electrónico	carlota.fsalinas@udc.es	
	Piñeiro Otero, Maria Teresa		teresa.pineiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Ambientación Sonora y Musical constitúe unha materia de interese para a formación d@s futur@s titulad@s en Comunicación Audiovisual debido á relevancia que adquire o son tanto no audiovisual convencional como no eido dixital e multimedia.</p> <p>Esta materia pretende dotar ao alumnado dos coñecementos precisos para analizar os compoñentes do son e as súas posibilidades expresivas; para manexar os códigos sonoros e da música no audiovisual e -máis concretamente- nos diversos xéneros e formatos, así como para abordar o deseño sonoro dunha peza audiovisual.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comunicar mensaxes audiovisuais.
A2	Crear produtos audiovisuais.
A3	Xestionar proxectos audiovisuais.
A4	Investigar e analizala comunicación audiovisual.
A7	Coñecelas técnicas de creación e produción audiovisual.
A8	Coñecela tecnoloxía audiovisual.
A10	Coñecelo marco legal e deontolóxico.
A11	Coñecelas metodoloxías de investigación e análise.
A12	Coñecelos principais códigos da mensaxe audiovisual.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan amosarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que acheguen unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B6	Expresarse correctamente tanto de xeito oral como escrito en linguas oficiais da comunidade autónoma
B7	
B8	Empregar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) precisas para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
B9	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida e solidaria capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e imprantar solución baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
C1	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C2	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C3	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C4	Valorar a importancia que ten a investigación, innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comunicar mensaxes audiovisuais	A1 A2 A3 A7 A8 A12	B2	C3 C4
Crear produtos sonoros	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A12	B2 B3 B4 B8	C1
Investigar e analizar o componente sonoro da comunicación audiovisual	A1 A4 A11	B6	
Coñecer os principais códigos sonoros da mensaxe audiovisual	A12		
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.	A11	B3 B4 B8 B9	C2
Traballar de forma colaborativa.		B2 B4 B9	C2
Mellorar a capacidade de análise no que se refire aos diferentes compoñentes da linguaxe sonora	A7 A11 A12	B8	C2
Mellorar a expresión oral.		B6 B7	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión.	A2 A3 A8		C2

Contidos	
Temas	Subtemas



1. O son na narración audiovisual.	<p>I. Introducción ao son audiovisual</p> <p>1.1. Introducción</p> <p>1.2. A ilusión do son audiovisual</p> <p>II. Escenario acústico</p> <p>1.3. Paisaxe sonora</p> <p>1.4. Espazo sonoro</p> <p>III. O son na industria audiovisual</p> <p>1.5. O son no cine. Orixe e primeiros hitos</p> <p>1.6. Os profesionais do son no audiovisual</p>
2. A dimensión sonora nas combinacións audiovisuais	<p>2.1. A audiovisión</p> <p>2.2. O sistema de sons</p> <p>2.3. Focalización e procesado dos sons</p> <p>2.4. As combinacións audiovisuais</p> <p>2.5. Clasificación de sons no relato audiovisual</p>
3. A música	<p>3.1. Conceptos musicais básicos e a súa relación con convencións audiovisuais</p> <p>3.2. Breve aproximación histórica á música no cine</p> <p>3.3. A música audiovisual</p> <p>3.4. Componentes estruturais e expresivos</p> <p>3.5. Tipoloxías de música</p> <p>3.6. Valor engadido pola música</p> <p>3.7. Funcións da música audiovisual</p>
4. Os efectos de son	<p>4.1. Ruídos e espazo audible. A construción artificial da realidade</p> <p>4.2. Tipoloxía de efectos de son</p> <p>4.3. Cuestións de montaxe, edición e mezcla</p> <p>4.4. Funcións</p>
5. A voz	<p>5.1. Introducción</p> <p>5.2. Vococentrismo e verbocentrismo</p> <p>5.3. Tipoloxías de voz</p> <p>5.4. O acusmaseo</p> <p>5.5. A doblaxe</p>
6. O silencio.	<p>6.1. O silencio dentro do continuum sonoro</p> <p>6.2. Tipoloxías de silencio</p> <p>6.3. Funcións</p> <p>6.4. Silencio e kinésica</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A11 A12 B7 B9	22	33	55
Seminario	A1 A2 A3 A10 A12 B2 B3 B4	5	5	10
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B6 B8 B9 C2	1	6	7
Obradoiro	A1 A2 A8 A10 A12 C2	24	6	30



Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B6 B8 B9 C1 C3 C4	6	30	36
Presentación oral	A7 A12 B2 B4 B6 C2	2	2	4
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Clase expositiva ilustrada con exemplos de carácter sonoro e/ou audiovisual. Complementarase con materiais e contidos audiovisuais, en formato pílula, que se porán a disposición do estudantado a través do campus virtual para a súa consulta antes das clases.</p> <p>Nas sesións maxistrais realizaranse microprobas tipo test, para determinar coñecementos e erros frecuentes na comprensión do material teórico, actividades orientadas a reforzar e facilitar a comprensión da materia, así como discusións dirixidas, que esixan ao estudantado amosar a adquisición de conceptos e coñecementos clave da materia.</p> <p>Naqueles casos en que ditas actividades se establecesen como traballo autónomo fóra da aula, empregaranse fórmulas de seguemento para determinar o grao de cumprimento da tarefa. Nestes casos as sesións maxistrais poderanse destinar á posta en común das tarefas ou a súa corrección colaborativa.</p>
Seminario	<p>Ao longo da materia desenvolveranse diversos encontros con profesionais da comunicación sonora cos que se tratarán aspectos relativos ao deseño e produción, de contidos sonoros-audiovisuais. Estes seminarios contarán cunha compoñente formativa, mais tamén de apoio e titorización dos grupos de traballo (traballos tutelados).</p> <p>Algunhas destas actividades poderán axendarse fóra do horario da materia (mais sempre evitando solapamentos co horario oficial doutras materias do curso).</p>
Investigación (Proxecto de investigación)	<p>Investigación-análise realizada de forma individual cuxo tema, relacionado cos contidos da materia, será proposto pola profesora. Dita investigación entregarase en formato audio (locución e fragmentos sonoros) .</p> <p>A presenza dun fragmento, superior a unha frase, copiado supón a anulación do traballo de investigación e -polo tanto- un cero.</p>
Obradoiro	<p>Desenvolvemento de diferentes actividades de carácter práctico cuxo obxecto é pór en xogo todos aqueles coñecementos que, sobre a ambientación sonora e musical, foron tratados durante as clases expositivas.</p> <p>A entrega de ditas prácticas efectuarase de forma habitual ao rematar a clase ou, de ser o caso, no tempo e forma que sinala a docente.</p>
Traballos tutelados	<p>Ideación e planificación en grupo dun proxecto sonoro de carácter seriado cuxa forma, estilo, linguaxe, temática e/ou enfoque resulten innovadores. Deseño e produción integra dun dos episodios-pezas da proposta planeada, a modo de piloto.</p>
Presentación oral	<p>Presentacións do proxecto sonoro en diversas fases. Estas presentacións desenvolveranse ao comezo da actividade, na fase de ideación, e -a lo menos- nunha das fases finais de produción do contido.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	<p>O desenvolvemento de cada unha destas actividades contará con atención personalizada e continuada tanto na aula como fóra dela, co obxecto de apoiar ou reconducir a planificación ou execución de cada un destes traballos e solventar as dúbidas oportunas.</p> <p>No caso do proxecto de investigación e do traballo tutelado que detenten unha maior carga de traballo autónomo, o seguimento destas actividades efectuarase nas clases prácticas sinaladas para tal fin, así como en titorías personalizadas a demanda do/a estudante o do seu equipo de traballo.</p>
Sesión maxistral	
Investigación (Proxecto de investigación)	
Obradoiro	
Traballos tutelados	



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A7 A12 B2 B4 B6 C2	<p>Presentacións oral do proxecto sonoro (traballo tutelado) nas súas diferentes fases. Nestas presentacións cada grupo deberá explicar o seu proxecto (en función do momento en que se desenvolvan poderán presentar a idea, o desenvolvemento do produto, decisións narrativas e estéticas...) e responder as cuestións dos/as compañeiros/as.</p> <p>As presentacións tamén implican unha participación activa da aula, con suxestións, propostas ou valoracións que poidan mellorar o resultado final.</p> <p>Para a avaliación das presentacións orais débense cumprir os seguintes requerimentos: (1) asistir e participar en cada presentación (propia e na dos restantes grupos), (2) entregar un formulario de valoración-propostas de mellora.</p>	10
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A7 A11 A12 B7 B9	<p>No marco das sesións maxistrais, ou relacionadas con éstas, desenvolveranse actividades, test, exercicios prácticos, así como discusións dirixidas, orientadas á consolidación dos contidos teóricos.</p> <p>Estas actividades teñen un valor global de 2 puntos (variando en función do número e a calidade dos exercicios entregados e /ou das actividades nas que se participe). Só se admitirán aqueles exercicios entregados en tempo e forma. Aquelas entregas que non cumpran eses requerimentos quedarán anuladas cunha valoración de 0 puntos.</p>	20
Investigación (Proxecto de investigación)	A1 A4 A7 A10 A11 A12 B3 B4 B6 B8 B9 C2	<p>O traballo de análise-investigación, sobre un tema proposto pola profesora, será realizado de forma individual e entregado en formato audio (vía Moodle). Ten unha valoración máxima de 1,5 puntos: avaliación da profesora ata 1 punto, e coavaliación de compañeiros/as segundo cuestionario ata 0,5 puntos.</p> <p>No caso de que se detecte que parte/totalidade do devandito traballo está copiado (até un máximo dunha frase ou corte de audio en todo o arquivo) este quedará anulado cunha valoración de 0 puntos.</p> <p>Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aquellos traballos que non cumpran os requerimentos quedarán anulados cunha valoración de 0 puntos.</p>	15
Obradoiro	A1 A2 A8 A10 A12 C2	<p>As prácticas de obradoiro contan cunha valoración máxima de 2 puntos na nota final. A súa avaliación vai a depender do número de prácticas entregadas en tempo e forma, así como da calidade dos traballos e a reflexión crítica sobre os mesmos desenvolvida no e-portafolio do estudante.</p> <p>Para o cómputo das prácticas de obradoiro o/a estudante ten que ter asistido, desenvolvido e entregado -a lo menos- o 80% das prácticas tipo obradoiro (prácticas de grupo mediano), ademais do correspondente portafolio final.</p> <p>Só se admitirán as prácticas/portafolios entregados en tempo e forma. O incumprimento destes requerimentos implicará a anulación da entrega e, polo tanto, da súa valoración (zero puntos).</p>	20



Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A10 A11 A12 B2 B3 B4 B6 B8 B9 C1 C3 C4	De realización grupal. Conta cunha valoración máxima de 2,5 puntos. Parte desta nota (até 0,5 puntos) virá determinada polas rúbricas de avaliación propia e dos/as compañeiros/as. Só se admitirán traballos entregados en tempo e forma. Aqueles traballos que non cumpran os requirimentos obterán una valoración de 0 puntos.	25
Seminario	A1 A2 A3 A10 A12 B2 B3 B4	A asistencia e participación (activa) nos seminarios profesionais, así como a atención ás cuestións tratadas nestes, dentro do proxecto sonoro, terán unha valoración de ata un punto na nota final.	10

Observacións avaliación

Coa proposta de cada traballo e/ou actividade a profesora explicará polo miúdo o contido, as normas estéticas e formais, así como o tipo de soporte e data de entrega. Nesta explicación e, en xeral, na materia promoverase a reflexión crítica en torno aos condicionantes das desigualdades existentes nos ámbitos de a produción, recepción e contidos sonoros-audiovisuais, con especial énfase no que respecta as crenzas, estereotipos e roles de xénero (na liña do ODS5). Con este cometido valorarase positivamente a inclusión da perspectiva de xénero nos exercicios, prácticas e proxectos así como o emprego dunha linguaxe inclusiva en su desenvolvemento.

Para superar a materia na PRIMEIRA CONVOCATORIA (sistema de avaliación continua) o/a estudante deberá obter un mínimo de 5 puntos (o 50% da puntuación global) na suma total das avaliacións dos diversos traballos e prácticas da materia. Neste cómputo non se inclúen os exercicios non orixinais do/a estudante así como tampouco aqueles traballos entregados fóra de prazo ou nun formato diferente ao indicado.

Dado o obxecto da materia, todo traballo que careza de son nunha parte, ou na súa totalidade, será anulado e -por tanto- contará cun 0 na súa avaliación.

No caso do alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica de exención de asistencia a avaliación da parte teórica (clase maxistral 20% da nota) levarase a cabo a través dunha proba obxectiva de resposta curta, na data oficial do exame. Na mesma liña poderase establecer un calendario alternativo (e equitativo) de entregas para as prácticas tipo obradoiro.

Para superar a materia na SEGUNDA CONVOCATORIA o/a estudante deberá:

Entregar de forma individual o deseño sonoro íntegro dunha peza audiovisual, proposta pola docente (peza e normas para o seu desenvolvemento se facilitarán a través do campus virtual), co correspondente dossier. Este traballo e a súa presentación, na que se xustifiquen aquelas decisións tomadas en canto ao son, terá un valor de 70% na nota final (60% proxecto + 10% presentación). Para a súa avaliación deberase entregar na data oficial de exame, no formato sinalado pola profesora (tanto a peza audiovisual co son íntegro, e o dossier). Aprobar o exame (50% puntos) na data oficial. Esta proba teórica, de preguntas breves, versará sobre os contidos do libro "Sonidos que cuentan. La ambientación sonora en el audiovisual." Barcelona: UOC. Este exame constituirá o 30% da nota final. En calquera caso, para superar a materia débese aprobar o exame (5 puntos ou 1,5 ponderado) e obter, como mínimo, unha puntuación de 5 na nota final.

No caso de que se detecte a realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación, debidamente comprobada, implicará un suspenso "0" na materia da convocatoria correspondente, invalidando así toda cualificación obtida nas actividades de avaliación.

Asemade aqueles/as estudantes que na avaliación continua (primeira convocatoria) queden por debaixo do umbral do 5 (o 50% da puntuación global), incluídas aquelas personas que desenvolveran algunha acción fraudulenta na primeira convocatoria, deberán presentarse de toda a materia -teoría e práctica- na convocatoria de xullo, seguindo as indicacións e requirimentos desta convocatoria.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Chion, Michel (1993). La audiovisión. Introducción a un análisis conjunto de la imagen y el sonido. Barcelona: Paidós - Piñeiro Otero, Teresa (2019). Sonidos que cuentan. La ambientación sonora en el audiovisual. Barcelona:UOC - Beltrán Moner, Rafael (2006). La ambientación musical selección, montaje y sonorización. Madrid:Instituto Oficial de Radio y Televisión - Rodríguez Bravo, Ángel (1998). La dimensión sonora del lenguaje audiovisual. Barcelona: Paidós - Gustems, Josep (coord.) (2013). Música y sonido en los audiovisuales. Barcelona: Universitat de Barcelona - Collins, Karen (2021). Studying sound : a theory and practice of sound design. Cambridge: The MIT Press <p>Ademais destas fontes de referencia a través de Moodle facilitaranse artigos e outro tipo de recursos que faciliten a comprensión da materia, traten en concreto algún exemplo ilustrativo ou permitan afondar nalgún tema de interese.</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Fraile Prieto, Teresa (2010). Música de cine en España: señas de identidad en la banda sonora contemporánea. Badajoz: Diputación - Guijarro, T. y Muela, C. (2003). La música, la voz, los efectos y el silencio en la publicidad : la creatividad en la producción de sonido. Madrid: CIE - Chion, Michel (1985). La música en el cine. Barcelona: Paidós - Chion, Michel (2004). La voz en el cine. Madrid: Cátedra - Jullier, Laurent (2006). El sonido en el cine. Barcelona: Paidós - Altmant, Rick (2004). Silent film sound. Nueva York: Columbia University Press - Ávila, Alejandro (1997). El doblaje. Madrid: Cátedra

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia do cine e da animación/616G01006

Audio/616G01016

Guión/616G01018

Análise audiovisual/616G01021

Teoría e práctica da edición e a montaxe/616G01023

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Realización Audiovisual/616G01030

Traballo Fin de Grao/616G01034

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías